



Volumen 6 nº 11, Diciembre de 2021

Volume 6 nº 11, December 2021

Professional Plant Protection

Guía práctica para o manexo integrado de
enfermidades do cultivo da begonia –*Begonia*
spp.– en contedor en clima atlántico

*Practical guide for integrated management of container
begonia –*Begonia spp.*– diseases in atlantic climate*

J. L. Andrés Ares

Artigo técnico – *Technical paper*

Consultorías Noroeste S.C.



Professional Plant Protection II: 51-64

© 2021 Consultorías Noroeste S.C.

Guía práctica para o manexo integrado de enfermidades do cultivo da begonia – *Begonia spp.* - en contedor en clima atlántico

Practical guide for integrated management of container begonia – Begonia spp. - diseases in atlantic climate

J.L. Andrés Ares

Consultorías Noroeste S.C.

Aprobado o 18 de decembro de 2021

Artículo técnico – *Technical paper*

2445-1703(20211126)6: HS6<51:GPPOMI>1.0;CD;2-Y

Adscrito ao Proxecto PCN2023A2 – *Related to the Project - PCN2023A2*

Adaptación á Normativa Lingüística Galega – *Adaptation of the text to the Galician Language Normative*: María Cruz García Sumay

Resumen

No presente traballo o autor describe as técnicas máis adecuadas de manexo integrado de enfermidades fúnxicas e cromísticas a empregar nas explotacións do cultivo de begonia –*Begonia spp.*– en contedor de zonas con clima atlántico, baseándose na súa experiencia como consultor fitopatolóxico nas explotacións deste cultivo de Galicia e do norte de Portugal.

Palabras clave: fungos da begonia, cromistas da begonia, manexo integrado.

Abstract

In the present paper the author describes the most suitable techniques recommended for the control of fungal and chromistic diseases in container begonia – Begonia spp. - nurseries with atlantic climate, with the base of his experience as plant pathology consultant in Galician and northern Portugal begonia nurseries.

Key words: begonia fungi, begonia chromists, integrated control.

1. Enfermidades fúnxicas e cromísticas clave no cultivo da begonia de clima atlántico

Tras máis de 10 anos de experiencia como consultor fitopatolóxico e ornamental, nos cultivos de begonia –*Begonia spp.*–, o autor puido constatar a presenza dos seguintes patóxenos fúnxicos e cromísticos provocando dano económico nas explotacións de cultivo en contedor tanto de Galicia como do norte de Portugal, considerándoos patóxenos clave destes cultivos nas condicións de clima atlántico:

- *Botrytis cinerea*
- *Oidium sp.*
- *Phytophthora nicotianae*
- *Phytopythium vexans*

Nesta guía describiranse as características máis importantes dos danos que provocan no cultivo da begonia en clima atlántico, os aspectos de maior relevancia dos seus ciclos neste clima así como as medidas recomendables para conseguir un manexo integrado destes.

2. *Botrytis cinerea*

2.1. Síntomas observados en Galicia

Patóxeno de especial importancia neste cultivo, tratándose dunha enfermidade clave que provocará perdas económicas serias no caso de non protexer o cultivo de forma adecuada. Afecta tanto as follas como as flores, aínda que neste caso as follas son extremadamente sensibles. Os